



# Os hábitats de Interese Comunitario en Galicia.



## Fichas descriptivas



# **Os hábitats de Interese Comunitario en Galicia. Fichas descriptivas**

---

**Pablo Ramil Rego  
Manuel Antonio Rodríguez Guitián  
Javier Ferreiro da Costa  
Marco Rubinos Román  
Luis Gómez-Orellana Rodríguez  
Belén de Nóvoa Fernández  
Boris Alejandro Hinojo Sánchez  
Susana Martínez Sánchez  
Carmen Cillero Castro  
Ramón Alberto Díaz Varela  
Patricia María Rodríguez González  
Castor Muñoz Sobrino**

**GI-1934 TTB  
Universidade de Santiago de Compostela**



**Monografías do IBADER - Lugo 2008**

## **Os hábitats de Interese Comunitario en Galicia. Fichas descriptivas**

### **Primeira edición: 2008**

**Autores:** Pablo Ramil Rego; Manuel Antonio Rodríguez Guitián; Javier Ferreiro da Costa; Marco Rubinos Román; Luis Gómez-Orellana Rodríguez; Belén de Nóbrega Fernández; Boris Alejandro Hinojo Sánchez; Susana Martínez Sánchez; Carmen Cillero Castro; Ramón Alberto Díaz Varela; Patricia María Rodríguez González; Castor Muñoz Sobrino

### **A efectos bibliográficos a obra debe citarse:**

Ramil Rego, P.; Rodríguez Guitián, M.A.; Ferreiro da Costa, J.; Rubinos Román, M.; Gómez-Orellana, L.; de Nóbrega Fernández, B.; Hinojo Sánchez, B.A.; Martínez Sánchez, S.; Cillero Castro, C.; Díaz Varela, R.A.; Rodríguez González, P.M. & Muñoz Sobrino, C. (2008). Os Hábitats de Interese Comunitario en Galicia. Fichas descriptivas. Monografías do Ibader. Universidade de Santiago de Compostela. Lugo

**Deseño e Maquetación:** GI-1934 TTB - IBADER

**Fotografía:** Arquivo fotográfico GI-1934 TTB - IBADER

**Ilustracións:** GI-1934 TTB - IBADER

**ISSN edición ]a dfYgU:** 1888-5810

**ISSN edición dil ital:** 1988-8341

<http://www.ibader.org>

**Depósito Legal:** C 173-2008

**Edita:** IBADER. Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvimento Rural. Universidade de Santiago de Compostela, Campus Universitario s/n. E-27002 Lugo, Galicia.

<http://www.ibader.org>

.

**Copyright:** Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvimento Rural (IBADER).

**Colabora:**



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

**DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**  
**I N L U D E S**

## 8 Hábitats rochosos e covas.

8130 Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos.

### Correspondencias

Paleartic	61.3.
Ramsar	---
IHG	---

### Denominación oficial

Inglés	Western Mediterranean and thermophilous scree.
Castelán	Desprendimientos mediterráneos occidentales y termófilos

### Denominación vulgar

Galego	Pedrizas, pedregais, canchais.
Castelán	Pedrizas, pedregales, canchales, gleras.

### Descripción científica

#### Descripción do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Depósitos de exposiciones cálidas do Alpes e Pirineos, dos substratos calcários dos Pirineos, as montañas mediterráneas, outeiros e áreas baixas e, localmente, das vertentes soleadas de áreas medioeuropeas. A vexetación corresponde ás ordes *Androsacetalia alpinae p.p.*, *Thlaspietalia rotundifolii p.p.*, *Stipetalia calamagrostis* e *Polystichetalia lonchitis*.

Subtipos:

- desprendementos termófilos perialpinos (*Stipion calamagrostis*, *Leontodion hyoseroidis*)
- desprendementos provenzais (*Pimpinello-Gouffeion*)
- desprendementos termófilos alpino-pirenaicos (*Senecion leucophyllae-Taraxacion pyrenaici*)
- desprendementos calcários pirenaicos (*Iberidion spathulatae*)
- desprendementos calcários orocantábricos (*Linarnion filicaulis*, *Saxifragion praetermissae*)
- desprendementos silíceos orocantábricos (*Linarnion filicaulis p.p.*, *Linario-Senecion carpetani p.p.*)
- desprendementos ibéricos con fentos (*Dryopteridion oreadis*, *Dryopteridion submontanae*)
- desprendementos carpetano-ibéricos (*Linario-Senecion carpetani*)
- desprendementos silíceos nevadenses (*Holcion caespitosae*)
- desprendementos calcários ibéricos meridionais (*Platycapno-Iberidion granatensis*, *Scrophularion sciaphilae*)
- desprendementos do Mediterráneo Central.

**Observacións:** os subtipos detallados na descripción deste tipo de hábitat contida no "Manual de Interpretación dos Hábitats da UE" non inclúen, todas as variantes existentes na área xeográfica citada no seu enunciado, pois non se mencionan os desprendementos existentes a baixa altitude (extra-orocantábricos) no N da Península Ibérica. Tal é o caso, dentro do territorio galego, das pedreiras existentes a cotas baixas na Serra da Capelada ou o Canón do Sil, entre outros lugares. Dado que esta incongruencia pode estar relacionada con deficiencias nas bases de datos utilizadas durante o proceso de redacción da Directiva 92/43/CEE e seguindo as recomendacións contidas no propio "Manual de Interpretación", adoptouse no presente documento o criterio de incluír nesta categoría a totalidade de desprendementos rochosos existentes en Galicia, con independencia da súa localización xeográfica.

## 8 Hábitats rochosos e covas.

8130 Desprendimentos mediterráneos occidentais e termófilos.

### Características diagnósticas do hábitat

#### Características estacionais.

Este hábitat comprende as comunidades vexetais desenvolvidas sobre calquera tipo de depósitos rochosos, móbiles ou estabilizados, sometidos ou non a procesos de crioturbación e/ou deslizamento, e con independencia da súa litoloxía (silícea, calcaria, básica, ultrabásica).

#### Fisionomía e estrutura.

Este hábitat aparece baixo a forma de depósitos de granulometría variable (1->100 cm.), máis ou menos extensos, situados ao pé de cantís rochosos ou en cumios montañosos elevados. Sobre eles crece unha vexetación moi pouco densa, cun escaso recubrimento briofítico e líquénico e unha flora vascular más ou menos abundante en función do tamaño dos fragmentos rochosos e o grao de estabilización do substrato.

#### Variabilidade.

Sobre materiais silíceos móbiles do piso orotemperado aparecen individuos dispersos de *Silene foetida* subsp. *gayana*, *Linaria glabrescens*, *Cryptogramma crispa*, etc.; conforme se produce a súa estabilización fanse más frecuentes especies como *Rumex suffruticosus*, *Dryopteris oreades*, *Phyteuma hemisphaericum*, *Meum athamanticum* ou *Vaccinium myrtillus*. Dentro dos pisos mesotemperado inferior e mesomediterráneo, intégranse neste hábitat *Rumex induratus* e *Trisetum hispidum*. Nos depósitos de orixe calcaria, as especies más características son *Arenaria grandiflora* subsp. *incrassata*, *Saxifraga trifurcata*, *Asplenium trichomanes*, *Asplenium ruta-muraria*, *Ceterach officinarum*, etc. Por último, nas gleras de materiais básicos e ultrabásicos (Serra da Capelada) aparecen plantas características como *Rumex gallaeccicus* ou *Linaria aguillonensis*.

### Especies indicadoras segundo Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

#### Plantas:

61.35: *Arabis cantabrica*, *Campanula arvatica*, *Crepis pygmaea*, *Doronicum grandiflorum* ssp. *braunblanquetii*, *Epilobium anagallidifolium*, *Gallium pyrenaicum*, *Iberis aperta*, *Iberis lereschiana*, *Linaria filicaulis*, *Ranunculus alpestris* ssp. *leryoi*, *Ranunculus parnassifolius* ssp. *favargeri*, *Rumex scutatus*, *Salix breviserrata*, *Saxifraga praetermissa*. 61.38: *Conopodium butinoides*, *Digitalis purpurea* var. *carpetana*, *Linaria alpina*, *Linaria saxatilis*, *Reseda gredensis*, *Rumex suffruticosus*, *Santolina oblongifolia*, *Senecio pyrenaicus* ssp. *carpetanus*.

### Especies indicadoras para Galicia

#### Plantas:

*Arenaria grandiflora* subsp. *incrassata*, *Asplenium ceterach*, *Asplenium ruta-muraria*, *Ceterach officinarum*, *Cryptogramma crispa*, *Dryopteris oreades*, *Hutchinsia alpina*, *Linaria aguillonensis* L. *saxatilis* subsp. *glabrescens*, *Rumex gallaeccicus*, *R. suffruticosus*, *Silene foetida* subsp. *gayana*, *Trisetum hispidum*, *Vaccinium myrtillus*.

### Especies da Directiva 92/43/CEE que poden atoparse no hábitat

#### Plantas:

*Gentiana lutea*, *Narcissus triandrus*

### Correspondencia fitosociolóxica

#### CLASE THLASPIETA ROTUNDIFOLII

##### Orde *Androsacetalia alpinae*

###### Alianza *Linario saxatilis-Senecionion carpetani*

- As. *Sesamoido pygmaeae-Silenetum gayanae*
- As. *Trisetum hispidi-Rumicetum suffruticosi*
- As. *Linario glabrescentis-Rumicetum suffruticosi*

###### Orde *Polystichetalia lonchitis*

###### Alianza *Dryopteridion oreadis*

- As. *Cryptogrammo crispae-Dryopteridetum oreadis*

### Hábitats asociados ou en contacto

Polo xeral, este hábitat establece contacto con outros tipos de hábitats rochosos (8210, 8220) así como con acineirais (9340), pasteiros pioneiros (8230, 8240\*), herbais (6160, 6170, 6210\*, 6220\*) e, máis ocasionalmente, con mananciais petrificantes (7220\*) nas variantes sobre materiais calcários.

## 8 Hábitats rochosos e covas.

8130 Desprendimentos mediterráneos occidentais e termófilos.

### Distribución xeográfica

#### Distribución na Unión Europea




#### Distribución na Unión Europea

Hábitat restrinxido aos países do extremo sudoccidental europeo.

#### Distribución en Galicia

Frecuente nas montañas interiores; máis raro nas áreas litorais e sublitorais.

#### Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)




## 8 Hábitats rochosos e covas.


8130 Desprendimentos mediterráneos occidentais e termófilos.

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km<sup>2</sup>. Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km<sup>2</sup>. Datos actualizados 2008.



## 8 Hábitats rochosos e covas.

8130 Desprendimentos mediterráneos occidentais e termófilos.

### Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.	Cod.	Denominación	Prov.
ES1110001	Ortigueira-Mera	C	ES1120015	Serra do Xistral	Lu ●
ES1110002	Costa Ártabra	C ●	ES1120016	Río Cabe	Lu ●
ES1110003	Fragas do Eume	C ●	ES1120017	Costa da Mariña Occidental	Lu
ES1110004	Encoro Abegondo Cecebre	C	ES1130001	Baixa Limia	Ou ●
ES1110005	Costa da Morte	C ●	ES1130002	Macizo Central	Ou ●
ES1110006	Complexo Corrubedo	C	ES1130003	Bideiral de Montederramo	Ou ●
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C	ES1130004	Pena Veidosa	Ou ●
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C ●	ES1130005	Río Támega	Ou
ES1110009	Costa de Dexo	C	ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou
ES1110010	Estaca de Bares	C ●	ES1130007	Pena Trevinca	Ou ●
ES1110011	Esteiro do Tambré	C ●	ES1130008	Pena Maseira	Ou ●
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C ●	ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou ●
ES1110013	Xubia-Castro	C	ES0000001	Illas Cíes	Po
ES1110014	Serra do Careón	C ●	ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po
ES1110015	Río Anllóns	C	ES1140002	Río Lérez	Po
ES1110016	Río Tambré	C	ES1140003	A Ramallosa	Po
ES1120001	Os Ancares-O Courel	Lu ●	ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po
ES1120002	Río Eo	Lu	ES1140005	Monte Aloia	Po
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu	ES1140006	Río Tea	Po ●
ES1120004	A Marronda	Lu ●	ES1140007	Baixo Miño	Po ●
ES1120005	Ás Catedrais	Lu	ES1140008	Brañas de Xestoso	Po
ES1120006	Carballido	Lu ●	ES1140009	Cabo Udra	Po
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu ●	ES1140010	Costa da Vela	Po
ES1120008	Monte Faro	Lu ●	ES1140011	Gándaras de Budriño	Po
ES1120009	Monte Maior	Lu	ES1140012	Illas Estelas	Po
ES1120010	Negueira	Lu ●	ES1140013	Serra do Candán	Po ●
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu	ES1140014	Serra do Cando	Po ●
ES1120012	Río Landro	Lu	ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po ●
ES1120013	Río Ouro	Lu	ES1140016	Enseada de San Simón	Po
ES1120014	Canón do Sil	Lu ●			


### Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.	Cod.	Denominación	Prov.
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrido	C	ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou ●
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C ●	ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou ●
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C ●	ES0000437	Pena Trevinca	Ou ●
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C	ES0000001	Illas Cíes	Po
ES0000085	Ribadeo	Lu	ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po
ES0000373	Ría de Foz	Lu	ES0000254	Illa de Ons	Po
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu	ES0000375	Esteiro do Miño	Po
ES0000374	Ancares	Lu ●			

## 8 Hábitats rochosos e covas.

8130 Desprendimentos mediterráneos occidentais e termófilos.

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Detalle dunha representación do hábitat "8130 Desprendimentos mediterráneos occidentais e termófilos" localizado na cabeceira do Val de Piornedo (Cervantes).



Representación do hábitat 8130 localizada no val do Río Ortigal (Cervantes).

## 8 Hábitats rochosos e covas.

8130 Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos.

### Aproveitamentos

#### Aproveitamentos tradicionais do hábitat

Con frecuencia, este tipo de hábitat aproveitouse dende antigo para o abastecemento de materiais construtivos utilizados en cachotaría e obras viarias, así como lugares de pastoreo de gando menor, aproveitamentos que se atopan actualmente en desuso. Nalgúns casos coñécense representacións deste tipo de hábitat que ocupan entulleiras de antigos labores mineiros.

### Estado de conservación

#### Indicadores do estado de conservación do hábitat

A composición florística, composta nunha elevada proporción por taxóns especializados en colonizar este tipo de ambientes, é un bo indicador do estado de conservación do hábitat.

#### Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

O aproveitamento deste hábitat como fonte de áridos para construcción é totalmente incompatible coa súa conservación.

#### Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

O mantemento dun estado de conservación favorable para este tipo de hábitat só é posible en ausencia de intervención humana.

### Bibliografía

Morla (1983), Guitián (1984b), Silva-Pando (1990), Ortiz (1986), García Martínez & Silva-Pando (1986), Izco & Ortiz (1987), Penas Merino et al. (1991), Ortiz & Rodríguez-Oubiña (1993), Pérez Alberti & Rodríguez Guitián (1993), Díaz González & Fernández Prieto (1994), Rodríguez Guitián & Guitián Rivera (1993 a, 1994), Rodríguez Guitián et al. (1996 a, 1996b) Rodríguez-Oubiña et al. (1996a), e datos propios.

